

Comunicado do Comité de Empresa de PAS laboral

O Comité de Empresa, por unanimidade, decide denunciar a situación de incompreensión, incumprimento de compromisos e a marxinación e desleixo aos que a Xerencia e o equipo de goberno están a condenar ao PAS laboral desta Universidade.

Esta actitude incompreensible concrétase esencialmente en tres circunstancias:

CONVOCATORIAS DE CONCURSO-OPOSICIÓN

O primeiro que temos que sinalar é que se trata da Oferta de Emprego do ano 2005. Hai case seis anos!

A desidia, a falta de interese, no seu desenvolvemento, leva a que máis da metade do colectivo de Persoal Laboral, aínda a estas alturas, se vexa en situación de inestabilidade. A maior parte dos nosos/as compañeiros/as teñen contrato de interinidade. Agardan, desde hai anos, polas convocatorias para rematar con esa incerteza.

Conscientes desta situación, o Comité de Empresa nada máis asinar o novo Convenio Colectivo, comezou a traballar na elaboración das convocatorias. Desto hai case dous anos. Desde esa data só se fixeron efectivas as convocatorias de seis categorías profesionais, das que só está a piques de rematar o proceso dunha (conserxes). A inestabilidade laboral consolídase facéndose insoportable.

A situación creada é máis lamentable se consideramos que, hai meses que temos convocatorias acordadas, pero que non se oficializan mediante a pertinente publicación no DOG.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

No colectivo de PAS laboral, a Universidade incumpre sistematicamente a obriga reflectida tanto nos Estatutos como no Convenio Colectivo de elaborar a RPT, ao máis tardar, cada dous anos.

A RPT é a ferramenta coa que a institución se asegura a dotación necesaria nos servizos para levar adiante, nas mellores condicións, as súas finalidades. O único requisito que se lle establece no Convenio Colectivo é que sexan negociadas (que non acordadas) co Comité de Empresa. Son, polo tanto, unha obriga da empresa.

Despois dunha negociación infrutuosa, a Universidade non pode obviar a súa responsabilidade trasladándolla ao colectivo de traballadores/as.

Levamos case seis anos sen que a Universidade actualice unha RPT que, a todas luces, non reflicte as necesidades actuais.

Nesta RPT deberíanse plasmar, tamén, as promesas electorais do actual reitor que comprometían, entre outras moitas cousas, a profesionalización da xestión e rematar coas ETT (empresas de traballo temporal).

Tras seis meses de espera, a Universidade retrasa a entrega ao Comité de Empresa, para o seu informe a proposta de RPT, fundamentándose en que había que agardar a aprobar os orzamentos. Aprobados estes no mes de decembro, requirimos, a primeiros de xaneiro, que se nos presentase o dito proxecto sen que, a día de hoxe, tivésemos ningunha comunicación.

EXECUCIÓN DA TRANSITORIA II DO CONVENIO COLECTIVO

Tamén se incumpre o contemplado xa no II Convenio Colectivo, elaborado no ano 2005 e que recollía as promocións dos grupos IVA e IV B.

Sabe a Universidade que para o Comité de Empresa o cumprimento deste compromiso ten unha relevancia extrema. Con este incumprimento a Universidade leva cinco anos impedindo a mellora económica e laboral dos traballadores e traballadoras afectados/as, aforrándose, ao mesmo tempo, unha substancial cantidade económica que, en ningún momento, repercutiu no colectivo.

O incumprimento permanente de acordos plasmados en normativas e Convenio Colectivo lévanos a ter a firme convicción de que, para este Equipo Reitoral e para esta Xerencia en particular, o PAS laboral é un colectivo marxinal.

Desenmascara, por outra parte, ao equipo reitoral que presume pública e constantemente de cumprir os seus compromisos.

Dada esta situación o PAS laboral non pode, nin debe, agardar máis en facer valer os seus dereitos e reivindicacións. O Comité de Empresa e o colectivo teremos que actuar en consecuencia.